

Real Filharmonía de Galicia

A Real Filharmonía de Galicia inicia o seu camiño en Santiago de Compostela en 1996. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico, posto no que o precederon Helmuth Rilling e Antoni Ros Marbà. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes.

Con sede no Auditorio de Galicia e xestionada polo Consorcio de Santiago, mantén unha temporada de abono estable. Ao longo da súa traxectoria acompañárona os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas do mundo. Ten realizado xiras e concertos en escenarios de Alemaña, Austria, Francia, Brasil, Arxentina, Cuba e Portugal, país co que mantén unha estreita colaboración. Comprometida co territorio ao que presta servizo, actúa asiduamente por toda Galicia.

A RFG amosa un especial interese pola obra de autores noveis, en particular de compositores galegos. A súa discografía consta de máis de 12 cedés, dedicados a Maurice Ravel, Manuel de Falla, Frederic Mompou, Antón García Abril, Franz Schubert ou José Arriola.

A Real Filharmonía de Galicia traballa no achegamento a novos públicos, a través de propostas didácticas, familiares e programas especiais; promovendo ademais a realización de concertos en espazos abertos.

A orquestra forma un proxecto conxunto coa Escola de Altos Estudos Musicais, coa que colabora para ofrecer unha formación altamente especializada en práctica orquestral a xoves intérpretes.

Maximino Zumalave director

Director e pianista compostelán, foi discípulo de Brage, Gardiner e Rilling. Foi fundador e director do Coro Universitario de Santiago e do Collegium Compostellanum e principal director convidado da Orquestra Sinfónica de Galicia (1992-1995). Na actualidade é director asociado da RFG, á que está vencellado desde os seus inicios. Con el actuaron solistas do talle de Achúcarro, Barto, Bayo, Bitetti, Castromil ou Zimmermann. Frecuente e moi especial é a súa colaboración con Teresa Berganza en diferentes países de Europa. Dirixiu ás máis destacadas orquestras españolas e estranxeiras. Tamén levou a batuta en estreas absolutas de obras de Bernaola, Castelo, García Abril e Mestres Quadreny; coidando en especial as primeiras audicións de novos compositores galegos como Alonso, Balboa, Buide ou Viaño. O seu compromiso coa cultura galega vai máis alá da música: en 2008 o Consello da Xunta de Galicia concedeuulle a Medalla Castelao e en 2016 recibiu o Premio da Cultura Galega. O seu compromiso coa cultura galega vai máis alá da música: en 2008 o Consello da Xunta de Galicia concedeuulle a Medalla Castelao e en 2016 recibiu o Premio da Cultura Galega.



2019 | CONCERTOS



ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS
CONSORCIO DE SANTIAGO

A Escola na Cidade

CONCERTO EXTRAORDINARIO
Alumnos do Curso Avanzado
de Especialización Orquestral 2019

xoves 6 xuño | 20:30 h

Auditorio de Galicia | Santiago de Compostela

I

Franz Joseph Haydn: Concerto nº 2 en Re M
II Adagio
III Rondo. Allegro

Gema Pérez, violoncello

Wolfgang Amadeus Mozart: Concerto en Re M
I Allegro ma non troppo

Ewa Pawlowska, violín

Gioachino Rossini: Introducción, tema e variacións

Jorge Ripoll, clarinete

II

Antonio Vivaldi: Concerto en Do m
I Allegro non molto
II Adagio
III Allegro ma non molto

Elena Domínguez, violoncello

Franz Joseph Haydn: Concerto Mi b M
I Allegro
II Andante

Rodrigo Iglesias, trompeta

Wolfgang Amadeus Mozart: Concerto nº 4 en Mi b M
I Allegro moderato
II Romanze. Andante
III Rondó

Germán Latorre, trompa

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

MAXIMINO ZUMALAVE director

| Escola de Altos Estudos Musicais |

GEMA PÉREZ_ violoncello

Comezou a estudar violoncello aos catro anos con Arantxa López e M^a Isabel Quirós. En 2002 entrou no Conservatorio Profesional “Adolfo Salazar” de Madrid, estudando con Pilar Navarro, Adolfo Gutiérrez e Miriam Olmedilla. En 2012 accede ao Conservatorio Superior de Música de Valencia “Joaquín Rodrigo”, con Dimas Moreno, Pere Joan Carrascosa e María Teresa García. Finaliza os seus estudos no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid con Iagoba Fanlo, con Matrícula de Honra en instrumento e en música de cámara e Premio Final de Carreira. Formou parte da OJEX, JORCAM, JOGV. É parte da JONDE e reserva na Gustav Mahler Jugendorchester e a EUYO. É academista da Orquesta Nacional de España e membro da bolsa da ORCAM e da ORTVE.

Concerto n^o 2 en Re M, Franz Joseph Haydn

EWA PAWLOWSKA_ violín

Nace en Bielsko-Biala, Polonia. Comezou a estudar violín aos 6 anos co profesor Jozef Iwanowicz na Escola de Música en Bielsko-Biala. Cursou un Máster de Violín en The Grazyna and Kiejstut Bacewicz Academy of Music en Łódź (Polonia) na clase de violín do profesor Łukasz Błaszczyk. Participou en cursos de perfeccionamento musical con músicos como Roland Baldini, Arkadiusz Kubica, Jan Stanienda, Wiesław Kwaśny, Bartłomiej Nizioł e Daniel Stabrawa. Formou parte de orquestras xoves como a Orquesta de Cámara PRIMUZ en cooperación con Telemark Kammerorkester (Noruega), Al Bustan International Festival, Internationale Junge Orchesterakademie, PRISMA, Vancouver Symphony Orchestral Institute at Whistler e Gustav Mahler Jugendorchester.

Concerto en Re M,
Wolfgang Amadeus Mozart



JORGE RIPOLL_ clarinete

Nace en Alacante en 1992, onde comeza os seus estudos musicais á idade de 8 anos. No ano 2015 obtén a titulación superior no Conservatorio Superior de Música de Aragón, onde recibe clases de Francisco Antonio García, Kennedy Moretti, Ona Cardona e o Cuarteto Quiroga. Foi membro da Schleswig-Holstein Music Festival Orchestra, The World Orchestra, academista da Chamber Orchestra of Europe e colabora recentemente coa English National Opera. No ano 2016 recibe unha bolsa de Wilkins-Makerras Award para realizar un Máster en Interpretación no Royal College of Music de Londres.

Introdución, tema e variacións,
Gioachino Rossini

ELENA DOMÍNGUEZ_ violoncello

Nace en Cáceres en 1991, onde comeza os seus estudos musicais de violoncello aos 7 anos. Finaliza a súa formación de Grao Superior en Badaxoz baixo a tutela de Pablo de Naverán no ano 2014. Recibiu clases maxistras de profesores como Ángel García Jermann, David Cohen, Daniel Grosgrin ou Jed Barahal. Forma parte da agrupación de música contemporánea “Container Ensemble”; e foi membro titular da Orquesta Joven de Extremadura entre os anos 2008 e 2018. Ademais, colabora habitualmente como reforzo na Orquesta de Extremadura desde o ano 2014. Colaborou tamén con outras agrupacións como a Orquesta de Ávila, Orquesta Sinfónica Verum, Neue Philharmonie München ou Internationale Junge Orchesterakademie.

Concerto en Do m, Antonio Vivaldi

RODRIGO IGLESIAS_ trompeta

Nace en Vigo, Pontevedra, en 1994. Comeza os seus estudos na Escola de Música da Unión Musical de Valladares da man do seu tío D. José Iglesias Ramilo. Realiza os seus estudos de grao profesional no Conservatorio Profesional de Música de Vigo cos profesores Javier González Lamas e Luís A. González Aмосa, rematando coas máis altas cualificacións e o premio extraordinario fin de grao. Realizou cursos cos seguintes profesores: José Rodríguez Ramos, Javier Simó Echarte, Luís González Martí, Hakan Hardenberger, Pierre Badel e Roberto Bodí. En 2018 obtén a licenciatura en Interpretación no Conservatorio Superior de Música de Vigo cos profesores Adolfo Caride Rodríguez e Javier Viceiro Filgueira. Ten colaborado con orquestras profesionais como a Orquesta Sinfónica de Galicia, Orquesta de Extremadura e con xoves orquestras como OJSG, OJEX e JOL.

Concerto Mi b M, Franz Joseph Haydn

GERMÁN LATORRE_ trompa

Nace en Valencia en 1994. Comeza os seus estudos na Escuela de la Sociedad Musical de L'artística Manisense de Manises. Realiza a súa formación de grao profesional no Conservatorio Profesional de Música “Velluters” de Valencia cos profesores J. Vicente Marticorena, Arturo García e Carmelo Romaguera. En 2018 obtén a licenciatura en Interpretación no Conservatorio Superior de Música “Salvador Seguí” de Castellón cos mestres Manu Asensi e Vicent Navarro. Ten colaborado con orquestras profesionais como a Orquesta Sinfónica de Euskadi, Orquesta de Cadaqués ou a Orquesta ADDA Sinfónica de Alicante; e foi membro de distintas xoves orquestras como JOGV, JONC e The World Orchestra.

Concerto n^o 4 en Mi b M,
Wolfgang Amadeus Mozart